

BENDOIRO (Lalín)

Capela de San Miguel de Bendoiro

CADERNO Nº1 (Filgueira, 259-10)

Bendoiro.

Capilla nervaduras, sepulcro y acanto.


NOTAS SOLTAS (FVar., 261-5/4)

Martes 26

Bendoiro.


Eirexa.

Fai croquis Tano.
(*Bosquexo da planta*)



Eirexa sinxela do XVI con adicións, a capela lateral S. moi pequena, con crucería. Altares neocrásicos. Na capela de crucería, sepultura con bulto sepulcral moi interesante.

(Bosquexo de sepultura)



S:DE:GOR:NUNEZ:DE:TABOADA:DE:CANTURUCHANO:DE:INES:Aº:I:SU:MUGER

López: Taboada: Churruchaos: Caldeiros Cambas.

No chan o mesmo.

No teito da capela dos Taboada nos [medallóns] da cúpula Cambas e caldeiros e dúas chaves e dúas estrelas, unha lis e unha roseta.

CADERNO Nº7 (Fvar, 261-2)

En Santiso e Bendoiro hay moitos cabaleiros e poucos caseiros (solo dous).

Dan abonos minerás e bastantes arados de ferro. O ferrado é o mesmo de Lalín. Os dous caseiros van a medio e o gando é do señor. Todos son propietarios. Hai como cinco probes. Moitos xornaleiros e agora toda a xente traballa na vía que pasa onda Prado.

Fillos de palleiro hai moitos. Hai poucos solteiros. Os rapaces van ás noivas. Os de Santiso van a Bendoiro. Nos casamentos hai dúas comidas. O padriño regala os traxe puros e calquer bobería, e a madriña un traxe á noiva e os pañuelos ó cuñado. No casamento van de acompañamento, a pe, dez ou doce persoas. Van mozos e mozas por parexas. Nas bodas de casa grande, cinco ou seis platos de comida, de larpeadas, chulas e papas de arroz.

N'as funcións da igrexa non hai chulas e papas.

Ramo.

Nos enterros as mangueiras as levan mozos, ás veces os afillados. Pagan responsos. Aos probes lle reparten un porco grande ou cosa así.